




# TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



## ÁMBITO STEAM 1º CICLO (4º tarefa)

### ELECTROBOT + VIAXE POLO TEMPO

Mª AZUCENA NANTÓN BLANCO



<b>1.-IDENTIFICACIÓN</b>	
<b>TÍTULO DA TAREFA:</b> Electrobot + Viaxe polo tempo con True-True	
<b>ETAPA :</b> EDUCACIÓN PRIMARIA	<b>NIVEIS:</b> 1º CICLO
<b>ÁMBITO / ÁREAS:</b> MATEMÁTICAS, NATURAIS, SOCIAIS, PLÁSTICA, LENGUA	<b>PROFESORADO:</b> MESTRA ENCARGADA DO ÁMBITO (M <sup>a</sup> Azucena Nantón Blanco)
<b>DESCRIPCIÓN DA TAREFA:</b> Faremos pequenos proxectos de electricidade con kit Nun segundo momento trabalaremos a UD TrueTrue "Unha viaxe polo tempo"	
<b>XUSTIFICACIÓN:</b> Nesta xornada estará programada para dúas actividades diferenciadas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Na primeira actividade construiremos pequenos circuitos eléctricos nos que o alumnado poderá experimentar cómo funciona un campo magnético.</li> <li>• Na segunda actividade programada utilizaremos os robots True-True para facer unha viaxe polo tempo no que nos adentraremos no que é o pasado traballando aspectos básicos presentes na Prehistoria.</li> </ul> Nun segundo momento	
<b>CONTEXTO</b> Realizárase no ámbito de aprendizaxes STEAM empregando as caixas de Electrocefa-kits de proxectos electrónicos + Robots True-True coa UD "Unha viaxe polo tempo". Fichas de concreción dos aspectos traballados.	



2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Para iniciar a actividade e mellorar a convivencia e un maior coñecemento entre o alumnado dos distintos grupos propónse realizar a pregunta: Que é para ti a electricidade? Que fontes de enerxía coñeces?</p>		
<p>1.-Explicación do traballo a realizar este día.</p> <p>Proxección da presentación da actividade 4 e dos vídeos explicativos sobre as fontes de enerxía e a electricidade.</p> <p>A nivel oral falaremos de que obxectos da nosa vida cotiá precisarían de electricidade (ficha collage).</p>	<p><b>LC 1º/2º - CA2.6.</b> Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa. <b>(OBX.3).</b></p> <p><b>LG 1º/2º - CA2.3.</b> Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante. <b>(OBX. 2).</b></p> <p><b>L.G. e L.C. 1º/2º - CA2.1.</b> Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais. <b>(OBX.2)</b></p> <p><b>LG 1º /2º - CA 2.8</b> Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias</p>	<p>Escala de observación e rúbrica</p>

	<p>elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. <b>(OBX.10)</b></p> <p><b>LG 1º /2º CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. <b>(OBX. 6)</b></p> <p><b>CCSS 1º/2º - CA1.1.</b> Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo. <b>(OBX.1)</b></p> <p><b>CCSS 1º/2º - CA1.2.</b> Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. <b>(OBX.2).</b></p> <p><b>CCNN 1º/2º - CA4.1.</b> Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura. <b>(OBX.5)</b></p>	
<p>2.-Entregaránse por equipos as caixas dos kits ELECTROCEFA para a creación dos circuitos marcados no manual: cada equipo elixirá un diferenciado e amosarállo aos seus compañeiros. Farán o proxecto de forma colaborativa e unirán esta aprendizaxe cos documentos aportados extrapolando dita aprendizaxe de forma significativa.</p>	<p><b>CCNN 1º/2º - CA4.2.</b> Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados. <b>(OBX.6).</b></p> <p><b>CCNN 1º/2º - CA4.4.</b> Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia. <b>(OBX.6).</b></p> <p><b>CCSS 1º/2º - CA1.1.</b> Utilizar dispositivos e</p>	<p>Rúbrica + Escala de valoración</p>

	<p>recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.</p> <p><b>CCSS 1º/2º - CA1.5.</b> Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. <b>(OBX. 7).</b></p> <p><b>CCSS 1º/2º -CA1.3.</b> Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.</p> <p><b>CCSS 1º/2º -CA2.1.</b> Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada. <b>(OBX.3)</b></p> <p><b>CCSS 1º/2º -OBX3 - CA2.2.</b> Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación. <b>(OBX.3)</b></p> <p><b>LG. 1º/2º - CA2.5.</b> Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais. <b>(OBX.3)</b></p> <p><b>LG 1º/2º - CA2.6.</b> Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia</p>	
--	--	--

	<p>coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa. <b>(OBX.3)</b></p> <p><b>LG- 1º/2º- CA6.5.</b> Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos. <b>(OBX. 9)</b></p> <p><b>LG- 1º/2º - CA2.8.</b> Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. <b>(OBX.10)</b></p> <p><b>PC 1º/2º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. <b>(OBX1)</b></p>	
<p>3.- Entregaránse neste segundo momento (despois do recreo) a UD "Unha viaxe polo tempo" e os robots TRUE-TRUE coas tarxetas.</p> <p>Por equipos irán facendo as actividades e os retos marcados na UD.</p>	<p><b>LG 1º /2º CA 2.8 –</b> Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. <b>(OBX.10)</b></p> <p><b>LG 1º /2º CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información. <b>(OBX.6)</b></p> <p><b>CCNN 1º - CA1.4.</b> Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p>	<p>Rúbrica</p>

	<p>(OBX.1)</p> <p><b>CCSS 1º/2ª - CA1.1.</b> Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.</p> <p><b>CCSS 1º/2ª - CA1.2.</b> Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.</p> <p><b>CCSS 1º/2º -CA1.3.</b> Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigación relacionadas co medio natural, social e cultural.</p> <p><b>CCSS 1º/2º - CA4.1.</b> Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecendoo como un ben común. (OBX3)</p> <p><b>CCSS 1º/2º -CA4.2.</b> Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión. (OBX5)</p> <p><b>CSS 1º/2º -CA4.3.</b> Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero. (OBX5).</p> <p><b>M 1º/2º - CA1.1.</b> Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. (OBX.8)</p> <p><b>PC 1º/2º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. (OBX1)</p>	
--	---	--



<p>4.- Análise do realizado:</p> <p><b>Ficha.</b> Recollida da información básica sobre a prehistoria.</p>	<p><b>LG 1º /2º – CA 2.8</b> Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. <b>(OBX.10)</b></p>	<p>Escala de observación</p>
<p>5.- TRUE-TRUE <i>.(actividade de ampliación)</i> Faremos a programación do TRUE TRUE con unha combinación nova de casillas do taboleiro da prehistoria.</p>	<p><b>LG 1º /2º – CA 2.8</b> Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. <b>(OBX.10)</b></p> <p><b>M. 1º/2º - CA2.1.</b> Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo. <b>(OBX.8)</b></p> <p><b>PC 1º/2º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. <b>(OBX1)</b></p>	<p>Escala de observación</p>
<p><b>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</b></p>		
<p>Comprensión escrita -Comprensión audiovisual -Expresión oral- Expresión escrita -Escala Visión espacial -Habilidades plásticas: debuxo, recorte e construción - Creatividade -Traballo en equipo- Toma de decisións- Respecto ás opinións diferentes- traballo coas tics</p>		





<b>3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA</b>				
<b>ACTIVIDADE</b>	<b>LUGAR DA ACTIVIDADE</b>	<b>AGRUPAMENTO</b>	<b>RECURSOS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
Asignación de roles nos equipos.	Aula stem do 1º andar	Inicialmente en gran grupo e despois pequeno grupo	Follas e material funxible	15 minutos
Visionar a presentación e vídeos e resumir os pasos a dar.	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Gran pantalla e documentos a cubrir	30 minutos
Reparto dos materiais para realizar os diferentes proxectos de ELECTRÓNICA	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Sets de ELECTROCEFA	15 minutos
Pequena ficha de recollida de información sobre as enerxías renovables	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Documentos a cubrir	30 minutos
Reparto dos materiais TRUE-TRUE e UD a Prehistoria	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	UD TRUE-TRUE "A prehistoria" + robots	1 hora
Actividade final-Ficha prehistoria	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Ficha	50 minutos

#### 4.-AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO ( ENSINANZA- APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	<p>Como?: mediante a observación directa e sistemática</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOGIDA DE INFORMACIÓN	<p>Como?: cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>

**CRITERIOS E CONTIDOS- RÚBRICA**

		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
<b>TRABALLO EN EQUIPO</b>	<b>A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO</b>	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LG 2º: CA2.5 LG 1º e 2º: CA2.8  LC 1º e 2º: CA2.8
	<b>B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO</b>	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 1º e 2º: CA4.5, CA4.2  M 1º e 2º: CA2.1, CA3.1, CA6.4
	<b>C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO</b>	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 1º e 2º:  CA2.8

				agradable facelo.		LC 1º e 2º: CA2.8
	<b>D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO</b>	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento , pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	LG 2º: CA2.5 LC 1º e 2º: CA2.4, CA2.5
<b>ORGANIZACIÓN</b>	<b>E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO</b>	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 1º e 2º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 1º e 2º: CA4.3 MAT 1º E 2º: CA5.1, CA5.2,

<b>COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES</b>	<b>F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS</b>	<p>É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.</p>	<p>É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.</p>	<p>É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.</p>	<p>Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.</p>	<p>MAT 1º E 2º: CA1.2, CA1.7, CA1.2, CA2.6, CA2.7, CA5.2,</p>
	<b>G. É QUEN DE EMPREGAR AXEITADAMENTE O ROBOT.</b>	<p>É quen de construír a máquina sen apoio, identificando a información precisa.</p>	<p>É quen de construír a máquina ou de facelo con apoio.</p>	<p>É quen de construír a máquina con apoio.</p>	<p>Non é quen de construír a máquina ou mostra dificultades na comprensión dos pasos.</p>	<p>CCNN 1º e 2º: CA4.1, CA4.2, CA4.32, CA4.4, CA4.5 CCSS 1º E 2º: CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4</p>
	<b>G. É QUEN DE REALIZAR O PRODUTO FINAL COAS FERRAMENTAS DIXITAIS</b>	<p>É quen de producir o produto final creativo, con imaxes e textos informativos presentados con coherencia; empregando as ferramentas TIC de forma coherente.</p>	<p>É quen de producir o produto final, con imaxes e textos informativos; empregando as ferramentas TIC, case sen apoio.</p>	<p>É quen de producir o produto final, faltando imaxes e/ou textos informativos; empregando as ferramentas TIC, con apoio.</p>	<p>Non é quen de producir o produto final coas ferramentas TIC (faltandolle as imaxes e textos; etc.)</p>	<p>MAT: CA4.1, CA4.5, CA4.6, CA4.7 PLAST 1º: CA 4.6 E PLAST 2º: CA 4.5</p>

### DESEÑO DA TAREFA -ficha de recollida de información

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A tarefa respecta a atención á diversidade.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Os obxectivos propostos foron acadados.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada. A temporalización prevista axustouse á realidade.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

### Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE–LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondíuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		